

IMOS CANTAR OS REIS

Martes 29 de decembro de 17 a 20h no centro cultural. Dirixido ao público familiar.

Obradoiro participativo de recuperación dos Cantos de Reis. Que se divide en tres partes: obradoiro de construción de instrumentos sonoros e Cantos de Reis, saída para cantar os Reis e visitas a establecementos do contorno pedindo o aguinaldo e merenda cos aguinaldos conseguidos.

Prazas limitadas. Inscricións no centro cultural a partir do 14 de decembro.

CONCERTO DE PANXOLIÑAS

O mércores 30 de decembro ás 20:30h. no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

OBRADOIRO DE CARBÓN DE REIS

Luns 4 de xaneiro ás 17h no centro cultural. Dirixido a maiores de 6 anos. Prazas limitadas, inscricións no centro cultural a partir do 14 de decembro.

GRAN CABALGATA DE REIS

Día 5 de xaneiro de 2016

Hora: 17:30h. saída da Estación de Vilacide e percorrido polas rúas de Sigüeiro.

Percorrendo:

R/ do Portiño, R/ Insúa, Praza de Alexandre Bóveda, R/ do Medio, R/ do Portiño, Avda. de Compostela, Praza da Foca, Avda. da Garabanxa, R/ da Cultura, R/ Río Lengüelle, Avda. de Compostela, R/ Xuncal, Recepción na Casa do Concello das súas Maxestades ás 18:15h, R/ da Cultura, R/ do Campo, R/ do Deporte e chegada ao Pavillón de Deportes arredor das 19:00h. Alí haberá caramelos e inchables para todos/as!!(O Pavillón de Deportes non se abrirá ata pasadas as 18:30h.)

Para colaborar como paxe/pastorcillo na cabalgata é necesario que acudas ao centro cultural para inscribirte.



NADAL OROSO

2015 - 2016

CONCURSO DE POSTAIS
CHRISTMAS CAMP

CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA
BELEN VIVENTE DA GARDERÍA ULLOA
FESTIVAL DO CRA

VISITAS DOS PAXES • EXCURSIÓN Á BOLERA • MAXIA
• FESTIVAL DE NADAL DA AULA DE MÚSICA •
CONCERTO DE PANXOLIÑAS • CAMPUS DE FÚTBOL
BAILE PARA MAIORES • NADAL SOBRE RODAS
PRESENTACIÓN DUN CONTO INFANTIL • OBRADOIROS
E GRAN CABALGATA DE REIS



ORGANIZA:

CONCELLO DE
OROSO
www.concellooroso.com

COLABORA

Deputación
DA CORUÑA



© 2015-2016 - 915 027 424
info@quatuorpartes.com

CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL CON MENSAXE *(ver publicidade específica)*

Prazo de entrega das postais ata o 15 de decembro na Biblioteca Municipal. Dirixido a maiores de 4 anos.

CHRISTMAS CAMP 2015 *(ver publicidade específica)*

Días: 21, 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2015 e 4 e 5 de xaneiro de 2016 (10 días), no C.E.I.P. de Sigüeiro.

Dirixido a nenos/as escolarizados/as.

NADAL SOBRE RODAS EN FAMILIA

Días: 21, 22 e 23 de decembro. De 10 a 14h e de 16 a 19h

Máis información e inscricións antes do día 16 de decembro nas oficinas do centro deportivo.

CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA *(ver publicidade específica)*

Sábados 12 e 19 de decembro ás 11:00h, dirixido a maiores de tres anos (inscrición previa na Biblioteca Municipal)

Venres 11 de decembro, Club de Lectura “ ás 18:00h

Venres 18 de decembro, obradoiro ás 18:00h (A rebotica dos contos), dirixido a maiores de 4 anos (inscrición previa na Biblioteca Municipal)

BELÉN VIVENTE DA GARDERÍA MUNICIPAL “A ULLOA”:

Venres 11 de decembro, Belén vivente no centro cultural ás 18:00h. Dirixido a todos os públicos.

FESTIVAL DO CRA

Venres 18 de decembro en horario de mañá no centro cultural.

VISITAS DOS PAXES REAIS

O venres 18 de decembro un carteiro e un paxe Real pasarán a recoller as cartas dos nenos e nenas da garderías “Trastes”, “A Ulloa” e A Chousa Nova, as dos alumnos/as do C.R.A. no centro cultural, e ao Fogar Residencial Porto Avieira

PRESENTACIÓN DO CONTO INFANTIL “Non quero xogar ás agachadas coa lúa” de ESTELA SUÁREZ RECOUSO e ilustracións de Eitor Picallo

Venres 18 de decembro ás 20h no centro cultural. con ilustracións de Eitor Picallo. Dirixido ao público familiar.

EXCURSIÓN “BOLERA”

Luns 21 de decembro, excursión gratuíta á “bolera” Solbowling en Santa Cristina – Oleiros, partidas de birlos e xantar. Dirixido a maiores de 12 anos. Información e inscricións no centro cultural.

OBRADOIRO DE AGASALLOS DE NADAL

Martes 22 de decembro ás 11h no centro cultural. Previa inscrición no centro cultural, as prazas son limitadas. Dirixido a nenos de 5 a 12 anos.

MAXIA MAGO MARTÍN CAMIÑA co espectáculo “Momentos de asombro”

Mércores 23 de decembro ás 18:00h no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

BAILE DE NADAL PARA MAIORES *(ver publicidade específica)*

Sábado 26 de decembro de 2015 partir das 19:30h. no centro cultural. Actuación do Grupo Chanel. Dirixido á terceira idade.

FESTIVAL DE NADAL DA AULA DE MÚSICA

Luns 28 de decembro ás 19:00h. actuación dos/as alumnos/as da Aula de Música, no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

DEPOR CAMPUS OROSO

Dende o luns 28 ao xoves 31 de decembro de 10 a 14h. nas instalacións deportivas do campo de fútbol municipal Lino Balado. Dirixido a nenos/as de 6 a 14. Organizado polo Real Club Deportivo da Coruña e o Concello de Oroso. Máis información e inscricións nas oficinas do centro deportivo.